

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, de 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Associação Recreio dos Ancios para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro, Brasil**, representada neste acto pola súa presidenta, Esther Pérez Pérez, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio e para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da presidencia da Xunta de Galicia.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o desenvolvemento de actuacións que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

Cuarto.- En Río de Janeiro, Brasil, reside un número importante de persoas de orixe galega da que forma parte un colectivo de persoas que, por razóns de idade, saúde

e/ou circunstancias familiares, están a sufrir un deterioro do seu nivel de vida que vese agravado pola falta de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

Quinto.- A Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro, fundada en 1940 por persoas emigrantes galegas, é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro que ten como finalidade acoller, temporal ou permanentemente, a persoas maiores de xeito gratuito, dando prioridade ás persoas galegas e españolas necesitadas. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galegitude no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración.

A entidade é un dos referentes da atención socio sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, que contan con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de recreo, leva a cabo unha asistencia integral ás persoas acollidas. Esta asistencia inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional ou actividades culturais, aspectos todos fundamentais para a mellora do benestar social, emocional e psicolóxico das persoas acollidas.

Sexto.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario colaborar coa Associação Recreio dos Anciaos para prestar asistencia á colectividade galega residente en Río de Janeiro e na súa área xeográfica que presenta problemas derivados da súa idade e/ou circunstancias socio familiares.

Sétimo.- A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única destas características en Río de Janeiro, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrencia pública, segundo o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación baséase en razóns de carácter social e humanitario, na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Río de Janeiro que presentan problemas derivados da súa idade e/ou circunstancias socio familiares.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio de colaboración, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Associação Recreio dos Anciaos para a prestación de asistencia á cidadanía de orixe galega que reside na asociación por razóns de carencia ou de dependencia e que non pode afrontar o custo da súa estancia.

Segunda.- *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias deste convenio serán as persoas de orixe galega e a súa descendencia ata segundo grao, con nacionalidade española e residentes en Río de Janeiro (Brasil), que, por razóns de idade e/ou situación de carencia, residan na Associação Recreio dos Anciaos.

Terceira.- *Crédito orzamentario*

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de **vinete mil euros (20.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (Código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Cuarta.- *Compatibilidade*

Esta axuda é compatible coa obtención doutras para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

Quinta.- *Pagamento*

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **catorce mil seiscientos euros (14.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se concedeu a axuda.

Por outra parte, á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade; sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.

Sexta.- *Prazo e forma de xustificación*

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2023.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada e conterà a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada pola representante legal da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada pola representante legal da entidade, na que se fará constar os obxectivos acadados, o orzamento total do funcionamento e o número de persoas atendidas.
- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación da empresa/entidade emisora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia de forma total parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): €.

Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas, ou no seu caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas mediante declaración responsable da representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e, ademais, deberá conter un selo que deixe constancia do devandito pagamento ("pagado", "cancelado", "en efectivo"...).

Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo pola representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración responsable na que se indique o lugar no que están depositados os orixinais dos documentos xustificativos dos gastos e do seu pagamento así como o compromiso de presentalos cando sexa requirido polo órgano xestor.

- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

- Relación das persoas atendidas pola Associação Recreio dos Ancaios de Río de Janeiro con cargo a este convenio. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe destas persoas e o período de estancia.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Sétima.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que hai que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

Oitava.- Obrigas das partes

1.- A **Associação Recreio dos Ancaios** comprométese a:

- Manter as instalacións e o equipamento da residencia, así como dotala de persoal especializado e do material consumible necesario para o seu correcto funcionamento.

- Promover o benestar das persoas beneficiarias de orixe galega acollidas na entidade, favorecendo a súa integración, participación e relación co medio social; prestándolles servizos de vivenda, alimentación, hixiene persoal, asistencia médica, enfermería,

talleres recreativos de estimulación cognitiva, asistencia social e animación socio cultural, entre outros.

- Prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada Lei por parte da Secretaría Xeral da Emigración.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira, condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

Novena.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

Décimo segunda.- Relación laboral

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

Décimo terceira.- Publicidade

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que

constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Secretaria Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos. En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

A presidenta da Asociación Recreio dos
Anciaos



Esther Pérez Pérez